

**VISITA ÁS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA
FORTALEZA DE MONTERREI
10/06/2015**

REAL ACADEMIA GALEGA DE BELAS ARTES

Unha Comisión de la Real Academia Galega de Belas Artes¹ visitou o pasado día 10 de xuño as obras, xa rematadas e recepcionadas, de Rehabilitación da Fortaleza de Monterrei levadas a cabo por iniciativa da Secretaría Xeral para o Turismo da Xunta de Galicia. A iniciativa de realizar esta visita débese ás diferentes solicitudes formuladas ante a propia Real Academia Galega de Belas Artes² por Asociacións e Institucións moi preocupadas polo alcance e repercusións que foron tomando as obras de Rehabilitación na citada fortaleza de Monterrei.

ANTECEDENTES

- A. O Decreto de 3 de xuño de 1931 declara Monumento Histórico-Artístico, pertencente ao Tesouro Nacional, á Fortaleza de Monterrei. Foi publicado na Gaceta de Madrid do 4 de xuño de 1931
- B. A Fortaleza de Monterrei foi declarada Ben de Interés Cultural (B.I.C.) pola Lei 16/1985 da Xunta de Galicia
- C. No ano 2009 a Administración Xeral do Estado cede a Fortaleza de Monterrei á Xunta de Galicia mediante Decreto 448 de 2009, de 23 de decembro do 2009.
- D. No ano 2012 a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral para o Turismo, convoca Concurso público para a Redacción do Proxecto Básico e de Execución da obra de REHABILITACIÓN E ADECUACION DA FORTALEZA DE MONTERREI, cofinanciado con Fondos FEDER (80%) e Fondos FCI (20%), cun orzamento máximo de 3.791,340€.

Analizamos, en primeiro lugar, as características e prescricións reseñadas na convocatoria do Concurso de Arquitectura convocado no ano 2012 pola Secretaría Xeral para o Turismo da Xunta de Galicia. No conxunto destas especificacións e premisas, recollidas nas Bases do Concurso, está sempre moi presente o criterio de respectar a integridade do monumento obxeto da intervención (declarado B.I.C. no ano 1985) así como do entorno circundante. Outro aspecto a destacar dos obxetivos postos de manifesto nas Bases do Concurso é o de preservar e manter o uso público e a accesibilidade de todo o conxunto sen nengún tipo de restriccións.

Entre as necesidades que debería resolver e potenciar o proxecto ganador do Concurso, son de destacar as seguintes:

¹ Comisión integrada polos Académicos: D. Manuel Quintana Martelo (Presidente), D. Celestino García Braña (Vicepresidente), D^a Victoria Carballo Calero (Membro da Xunta de Goberno) e D. Xosé Manuel Casabella López, Vocal numerario.

² Institución encargada de velar pola conservación e protección do Patrimonio artístico de Galicia

- 1 PROMOCIÓN E ESTÍMULO DUN SECTOR TURÍSTICO GALEGO COMPETITIVO, DE CALIDADE E ACCESIBLE,
- 2 BUSCA DUN EQUILIBRIO TERRITORIAL A TRAVÉS DA POLÍTICA TURÍSTICA
- 3 IMPULSO E DESESTACIONALIZACIÓN DO SECTOR TURÍSTICO
- 4 ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN DO PATRIMONIO

Igualmente conven recordar e facer mención dos obxectivos, actuacións e programa de necesidades a desenvolver na redacción do Proxecto Básico e de Execución minuciosamente detallados nas Bases do Concurso:

- a. Transformar a fortaleza de Monterrei nun espazo museístico, cultural e turístico de referencia, aproveitando os valores propios do acrópole
- b. Acondicionamento e axardinamento dos espazos exteriores
- c. Delimitación, sinalización e acondicionamento da explanada anterior a entrada ao Patio de Armas.
- d. Acondicionamento do Patio de Armas, ámbito de Igrexa e do Pazo dos Condes
- e. Instalación de pavimentación apta para exteriores
- f. Mellora das escaleiras de acceso á Igrexa incluíndo varandas
- g. Deseño dun proxecto de paisaxismo e axardinamento para a explanada dos canóns, onde se sitúa a batería de S. Xoán, do patio anexo á Torre das Damas e do xardín das baterías, co obxectivo dun sinxelo mantemento utilizando especies e variedades autóctonas

En canto a organización, comprtimentación e distribución dos espazos interiores, nas Bases do Concurso establecíanse criterios moi concretos para transformar o edificio principal do Pazo dos Condes nun lugar de uso público adicado a acoller actividades museísticas, socioculturais e de hostelería (bar e cociña para de apoio de catering de eventos puntuais) acordes co nivel de protección do conxunto da fortaleza.

Con respecto ao edificio da antiga Rectoral, de menos entidade monumental, aínda que salientable pola súa posición e presenza no conxunto da plaza, prevíase adicala a acoller un centro de interpretación para os visitantes da fortaleza.

Entre outros requerimentos especificabase a necesidade de incorporar no Proxecto de Rehabilitación da fortaleza das seguintes dependencias:

- Área de Recepción e Xestión ubicada no Pazo dos Condes ou na Casa Rectoral, para acoller un Punto de Información turística da Bisbarra
- Espacio para Museo, ubicado preferentemente nas Torres da Homenaxe e das Damas
- Almacén para o Museo
- Tenda na saída do Museo, ou no Pazo dos Condes xunto á recepción, con acceso directo desde o exterior.
- Espazos para reunións, ubicados nos espazos do Pazo dos Condes, dedicados anteriormente a Museo de Arte Sacro, que deberían incluír: dúas salas de Usos Múltiples; Bar, Cociña e Oficio para apoio dos eventos; Almacén, Aseos e Cuarto de instalacións para garantir o acondicionamento térmico do conxunto edificado. Todo elo dotado das medidas de accesibilidade para o uso previsto.

CRITERIOS XERAIS QUE SE DEBERÍAN SEGUIR NA INTERVENCIÓN

En función da realidade material da edificación existente e do seu carácter de Ben de Interese Cultural, nas Bases do Concurso advírtese que a intervención debería resolver eficientemente a adecuación do conxunto aos seus novos usos, tendo en conta sempre que **“os ben declarados de interese cultural gozan da máxima protección e tutela, e que as intervencións nel e a súa utilización quedara subordinada a que non se poñán en perigo os valores que aconsellan a súa conservación”**. Así mesmo chámase a atención de que o proxectista deberá compatibilizar esta intervención coa necesidade de acondicionar o edificio desde o punto de vista da accesibilidade e mobilidade interior de persoas e obxectos, eliminando na medida do posible, as barreiras arquitectónicas.

Outro aspecto interesante, especificado no Prego de Prescricións Técnicas do Concurso, era que, na medida do posible, **“a actuación permitira a súa reversibilidade, especialmente naquelas intervencións que incidan sobre elementos singulares, para non danar a forma e integridade fundamentais das estruturas”**.

Todas as cautelas especificadas nos Pregos Administrativo e Técnicos do Concurso parecen estar encamiñadas á conservación e revitalización da Fortaleza de Monterrei, preservando o uso público e cultural o mesmo pois, dacordo co artigo 38 da Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia **“calquer intervención nun inmovible declarado Ben de Interés Cultural haberá de ir encamiñada á súa conservación e mellora”**, dacordo cos seguintes criterios:

- Respetarásense as características especiais do inmoble.
- Conservarásense as características volumétricas e espaciais definidoras do inmoble.

VISITA DAS OBRAS XA FINALIZADAS

A primeira consideración que queremos mencionar é que, entre as intencións perfectamente definidas e prescritas nas Bases de Concurso de Arquitectura mencionado, para a intervención sobre o edificio do Pazo dos Condes da Fortaleza de Monterrei, e a realidade construída resultante da intervención, existen notorias diferencias, non solo de criterio, senón tamén no relativo ao uso, conservación e intervención arquitectónica.

Sobre o uso e destino da Fortaleza de Monterrei, hai unha importante modificación que consiste en dedicar as zonas anteriormente previstas para usos socioculturales para unha instalación hoteleira que se cede en explotación á Sociedade Paradores de España.

Transformación ou modificación de uso que non estaba prevista inicialmente.

Este aspecto pasa a ser sustantivo e primixenio no resultado da operación de intervención, xa que a compartimentación e fraccionamento do espacio arquitectónico, que exige a distribución de habitacións e servizos necesarios para o seu funcionamento, obriga a adoptar solucións arquitectónicas incompatibles ou pouco coherentes, a maior parte das veces, co contenedor no que se deben insertar.

Non queremos polemizar neste aspecto arquitectónico aínda que non ignoramos os evidentes conflitos presentes na funcionalidade e aspecto final, na maneira de solucionar os sistemas de ventilación e iluminación, nos accesos e insonorización na área das habitacións, algunhas de dimensións e tamaños que xeneran incomodidades innecesarias, hasta o punto de que poden non cumprir cos estándares de este tipo de establecementos. Compartimentación contradictoria ou antitética coa espacialidade interior das dependencias existentes, e ca altura e volumetría dos espazos baixo a cuberta.

Está á vista que foi posible fraccionar os diáfanos espazos do Pazo dos Condes ou da Casa Rectoral para convertilos nun espazo hoteleiro, ás veces laberíntico e rocambolesco; que foi posible revestilos de refinadas roupas modernas, ás veces ben seleccionadas. Pero, con todo, coidamos que existían outras posibilidades para levar a cabo a transformación solicitada sen alterar de maneira tan radical a edificación existente, un dos Ben de Interés Cultural de primeira magnitude de Galicia, con aportacións renacentistas e doutras épocas, pouco habituais no noso país.

Entre esas posibilidades ás que se fai mención, estaría a de renunciar a “meter con calzador” un programa hoteleiro tan complexo dentro dunhos contenedores tan sensible e delicados, mantendo os usos para os que foi convocado o Concurso de Arquitectura, o que non exirían unha intervención tan perturbadora que foi capaz de provocar críticas institucionais e cidadáns, como as que teñen manifestado a Universidade de Santiago, o Consello da Cultura Galega, a Asociación de Defensa da Fortaleza, etc.

Aínda no caso de que fora necesaria a edificación dunha nova instalación hoteleira (habendo xa un Parador a tan poca distancia) non parece desencamiñada a posibilidade de construír un pabellón de nova creación e tipoloxía en algún dos espazos exteriores próximos, reservando o edificio histórico para usos máis representativos e culturais, o que non esixirían a súa radical privatización.

O cometido da Real Academia Galega de Belas Artes³ é o de **“Velar pola conservación, valoración e difusión da riqueza monumental e artística de Galicia en canto estea ao seu alcance e na forma que requira cada caso”** e non o de formular solucións para a conservación do noso patrimonio. Neste caso trátase dunha intervención nun Ben de Interés Cultural pertencente ao patrimonio arquitectónico de Galicia que, a pesar das boas intencións co que foi concebido en todos os aspectos, non responde as intencións orixinais da súa Rehabilitación nin respecta a reglamentación específica para a intervención en un inmovible destas características, por máis que apreciamos un notable esforzo e rigor arquitectónico posto polos técnicos autores da Rehabilitación, moito máis evidente no edificio da Rectoral que no Pazo dos Condes.

Aspectos como os trazados das diferentes instalacións de electricidade, ventilación e acondicionamento térmico, semellan non ter sido ben meditados e a súa execución pouco acorde coa presenza de elementos patrimoniais tan vigorosos.

No aspecto urbanístico notamos en falta a execución do previsto axardinamento do entorno circundante, perfectamente delimitado e reclamado nas Bases do Concurso que incluíría a pavimentación da Praza do Castelo, aínda sen definir a súa composición e remate.

Por moi pouco esperanzadora ou tranquilizadora que poda parecer a nosa opinión, non podemos deixar de formulala e expoñela publicamente como expresión da vontade integradora e divulgadora que corresponde ao noso cometido institucional de protección do patrimonio, presente nas nosas conviccións estéticas e nos nosos estatutos orgánicos.

A Coruña, Xuño de 2015

³ apartado c) do artigo 2, capítulo 1 dos Estatutos da Real Academia Galega de Belas Artes